

Dado que o PP “deixou vendidos e traizoou aos seus veciños” coa modificación da ILP, o alcaldes da Montaña anuncian mocións e non descartan mobilizacións nos concellos

Advírtenlle a Feijóo que “non permaneceremos quietos, senón que nos mobilizaremos candas veces faga falta, xa que ausencia destas dotacións non só está causando graves prexuízos aos nosos cidadáns, senón que aumenta as molestias da súa grave enfermidade ao provocar que, en moitos casos, teñan que depender de familiares ou veciños”

Coñecedores de que en 2009, o Presidente da Xunta prometeu dotar ao HULA das coñecidas dotacións durante o primeiro semestre de 2011, e que este compromiso foi ratificado de xeito unánime polo Parlamento, para os rexedores “resulta gravísimo” que Castiñeira “non se atrevese nin tivese a valentía de defender as emendas presentadas polo seu Grupo a esta Lei”

Cren que coa súa actitude, o deputado lucense demostrou que “é cómplice das mentiras, das medias verdades, dos enganos e dos trucos do Goberno de Feijóo. Como lucenses, estamos ofendidos. Xa sabemos como actúa a Xunta do PP, sobre todo, cos concellos nos que goberna o PSOE, pero aínda tiñamos unha leve esperanza de que o quere ser alcalde de Lugo dese a cara e non se agochase. Isto é unha vergoña e unha mostra absoluta de cinismo político”, afirman

Reclaman para os seus veciños e veciñas que o Executivo galego lles garanta o acceso á Sanidade pública “pois, por cuestións xeográficas, somos os máis afectados pola falta dos servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear, debido á distancia que nos separa de Lugo e, moito máis, de Coruña ou de Santiago”

A MONTAÑA, 20 DE DECEMBRO DE 2014.- Os alcaldes da Montaña (A Fonsagrada –Argelio Fernández-, Becerreá –Manuel Martínez-, Cervantes –Benigno Tadrín-, Navia de Suarna –José Fernández-, Negueira de Muñiz –José Manuel Braña- e Pedrafita –José Luis Raposo-) denuncian publicamente que o Partido Popular “deixou vendidos aos veciños da Montaña”, que asinaron a ILP do HULA, aprobando en solitario as emendas que modifican esta iniciativa na que máis de 40.000 cidadáns da provincia “reclamamos algo que é xusto”: os servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear no HULA.

Por este motivo, anuncian que presentarán mocións nos respectivos Plenos, co fin de que o Goberno galego dea marcha atrás, e non descartan levar a cabo mobilizacións no caso de que a administración autonómica persista “na súa teima de seguir discriminando aos lucenses”. Deste xeito, os rexedores, ao igual que fixeron hai exactamente un ano, cando rexistraron no edificio administrativo da Xunta en Lugo un manifesto dirixido ao presidente autonómico, e no que solicitaban o cumprimento do compromiso asumido por Feijóo en 2009, reivindicando, unha vez máis, para os seus veciños e veciñas que o Executivo galego lles garanta o acceso á Sanidade pública.

“Somos, indican, por cuestións xeográficas, os máis afectados pola falta dos servizos de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear, debido á distancia que nos separa de Lugo e, moito máis, de Coruña ou de Santiago; cidades ás que os nosos cidadáns se teñen que desprazar para recibir estes tratamentos”. Por iso, o seis alcaldes advírtenlle a Feijóo que “non permaneceremos quietos, senón que nos mobilizaremos candas veces faga falta, xa que ausencia destas dotacións non só está causando graves prexuízos aos nosos cidadáns, senón que aumenta as molestias da súa grave enfermidade ao provocar que teñan que depender de familiares ou veciños, pois o tratamento supera, nalgúns casos, os 30 días de duración”, destacan.

“Sen valentía para defender aos lucenses”

En 2009, durante a inauguración do Hospital Lucus Augusti, foi o Presidente autonómico o que prometeu dotar a este centro sanitario de ditas dotacións durante o primeiro semestre de 2011. Dito compromiso foi, ademais, ratificado polo Parlamento o 2 de novembro dese mesmo ano coa aprobación por parte de todos os Grupos Parlamentarios dunha moción, a través da cal se instaba ó Goberno a adxudicar de forma inmediata, concretamente nun prazo non superior a 6 meses, o equipo de Hemodinámica cardíaca para proceder á apertura de dita unidade, así como á dotación tecnolóxica dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear.

Por este motivo, para os rexedores “resulta gravísimo” que, ademais de que o PP non respectase a vontade da cidadanía coa modificación da ILP, “o deputado lucense deste Partido que, naquel momento votou a favor, non se atrevese nin tivese a valentía de defender as emendas presentadas polo seu Grupo a esta Lei”. Esta circunstancia, para os alcaldes da Montaña, só ten unha explicación: “que sabe e coñece que van en contra dos dereitos dos lugueses e das luguesas”.

“Sinceramente agardabamos que, por unha vez, o Sr. Castiñeira sería quen de priorizar os intereses dos seus veciños por riba dos do seu Partido e das siglas ás que pertence, pero non. O certo é que coa súa actitude demostrou que é cómplice das mentiras, das medias verdades, dos enganos e dos trucos do Goberno de Feijóo. Como lucenses, estamos ofendidos. Xa sabemos como actúa a Xunta do PP con Lugo e, sobre todo, cos concellos nos que goberna o Partido Socialista, pero aínda tiñamos unha leve esperanza de que o quere se alcalde da cidade dese a cara e non se agochase. Claramente, as nosas eras falsas esperanzas.... Isto é unha vergoña, unha traizón e unha mostra absoluta de cinismo político”, afirman.

Peticións da Montaña

Nese senso, A Montaña reclama Radioterapia e Hemodinámica as 24 horas no HULA “porque non podemos permitir que o tempo de atención para atender un doente desta zona da provincia sexa nalgúns casos de case todo o día. Vímolos o outro día na ruta do cancro”, na que participaron, ademais dos secretarios Xeral –José Ramón Gómez Besteiro- e Provincial –Juan Carlos González Santín-, o alcalde de A Fonsagrada –Argelio Fernández-. E é que, tal e como indican os expertos, nas intervencións cuxo traslado sexa de 120 minutos, o índice de mortalidade ó ano pode situarse no 6,8%. No caso das 118 parroquias que conforman os seis Concellos da Montaña, en 105 o desprazamento achégase ás dúas horas. É dicir, vivir no 88,48% das aldeas destes municipios, debido a que a Xunta de Galicia incumpriu o seu compromiso de dotar ó HULA destas prestacións, aumenta o risco de que os veciños residentes nelas que teñan que desprazarse a Coruña para recibir este tipo de tratamento, poidan perder a vida no traxecto.

Precisamente, estudos científicos recentes, elaborados pola Sociedade Española de Cardiología, os mesmos que o PP emprega para xustificar o recorte de médicos de atención primaria no rural, poñen de manifesto que a mortalidade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos de Coruña, Vigo ou Santiago; lugares nos que si existe persoal cualificado e os medios materiais para tratar esta patoloxía cardiovascular. A causa de que sexamos a provincia co maior índice de probabilidade de padecer esta enfermidade, débese a que, nestes casos, é preciso realizar unha angioplastia primaria nun tempo inferior a 90 minutos dende que o enfermo entra en contacto co sistema sanitario.

E esixen Medicina Nuclear porque un hospital de referencia en Galicia como o de Lugo non pode quedar atrás na diagnose de enfermidades e darlle a seguridade aos cidadáns.